

CORRECCIÓNS DAS ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: semana do 20- 24 de abril

MATERIA: Xeografía e Historia

CURSO: 2º ESO

PROFESOR/A: Celia Bugarín

CONTACTO: CELIABUGARIN@edu.xunta.es

MÉTODO DE CORRECCIÓN: páxina do Instituto.

ACTIVIDADES

Traballamos as competencias básicas comparando estilos artísticos.

Páxina 112 do libro

- a) Clasifica e analiza a catedral de Reims e a igrexa de S. Martiño de Frómista:
 - Elementos arquitectónicos: materiais, muros, reforzos do muro, arcos, cubertas, vans, fachadas e torres.

Igrexa de S. Martiño de Frómista:

Material: pedra.

Muros: moi grosos.

Reforzos dos muros: contrafortes (para soportar o peso das cubertas)

Arcos: de medio punto.

Cubertas: interiores formadas por bóvedas de canón sobre arcos faixóns. No exterior tellados a dúas augas.

Vans: escasos e pequenos.

Fachadas: a portada con arcos de medio punto e arquivoltas .

Torres: dúas circulares que enmarcan a fachada.

Catedral de Reims

Material: pedra.

Muros: máis lixeiros, menos grosos.

Reforzos dos muros: contrafortes separados do muro, unidos a este polos arcobotantes. (Ver debuxo na pax. 102 do libro, sección dunha igrexa gótica)

Arcos: apuntados.

Cubertas: interiores formadas por bóvedas de crucería. No exterior tellados a dúas augas.

Vans: enormes e cubertos con vidreiras.

Fachadas: as portas enmarcadas por arquivoltas apuntadas, na parte superior ábrese un gran rosetón.

Torres: dúas que enmarcan a fachada.

b) Clasifica e analiza o Cristo crucificado s. XII e o Anxo do sorriso da catedral de Reims:

- Elementos escultóricos: materiais, colocación espacial, tema e tratamento anatómico dos rostros.

Cristo crucificado s. XII

Materiais: madeira policromada.

Colocación espacial: escultura exenta (vulto redondo).

Tema: relixioso.

Tratamento anatómico do rostro: rostro simétrico e inexpressivo.

Anxo do sorriso da catedral de Reims:

Materiais: pedra.

Colocación espacial: estatua columna

Tema: relixioso.

Tratamento anatómico do rostro: rostro máis expresivo (sorriso gótico).

